

Xosé María Álvarez Blázquez

2008

Naceu en Tui (Pontevedra) en 1915, e faleceu en Vigo en 1985.


Escritor en lingua galega e castelá, Álvarez Blázquez é fillo de Darío Álvarez Limeses, milito na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galerista. Xunto con Luís Viñas Cortegoso fundou a Editorial Monterrey no ano 1950. Xa en 1962 ingresou na Real Academia Galega e dous anos despois, en 1964, fundou unha nova editorial: Edicións Castrelos.

Da súa obra en galego destacan a colección de relatos Os ruíns (1936) e A pega rabilongo e outras historias de tesouros (1971), no xénero da narrativa infantil. Entre a súa obra lírica, o poemario, realizado xunto co seu irmán Emilio, Poemas de ti e de min (1949), Roseira do teu mencer (1950), Cancioneiro de Monfero (1953), unha das obras claves do neotrobadorismo, Romance do pescador peleríño (1954), ademais de Canle segredo, escrito no 54 e publicado no 76.

Como ensaísta, publicou Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX (en 1959), Escolma de epigramas (1968), e Escolma de poesía medieval (1975).

En castelán Álvarez Blázquez publicou a novela En el pueblo hay caras nuevas (1945).

A RAG, basea a súa decisión de homenaxear coas Letras Galegas 2008 a Álvarez Blázquez por ser "o exemplo perfecto dun home polígrafo, erudito e interesado pola historia, a arqueoloxía ou a literatura", e destacou tamén o seu "importante labor" como



Ise neno da rúa

Non é certo que os nenos teñan fame

Non pode ser.

Ben o sabedes todos

os que andades no mundo atafegados

á percura do pan dos vosos fillos

Ises outros que vedes pola rúa

pedindo esmola,

non teñen fame, non, porque daquela

vos teríades morto de vergonza.

E ben vos vexo andar nos vosos
coches

ou nos tranvías, a berrar de cousas

estranas, -¡viva, beba, baba, buba¡-

sen reparar naquíl esfarrapado

que coa moura mauciña está petando

na porta de ferro.

Por iso penso que non é verdade

o que algún caviloso di dos nenos

que andan así petando pola vida

-¡Non, home, non¡- lle dixen a un de
aqueles-

A xente pasa leda.....¡Fora boa

que andivesen a rirse dos seus crimes¡

Máis información en:

[Diadasletrasgalegas.com](http://www.diadasletrasgalegas.com)